



Convértete en

Detective de bulos

Como funcionan os bulos?

Cada vez que che envíen unha noticia deberías de preguntarte o seguinte: é esta unha noticia da que me poda fiar?

Ponte a proba: es capaz de detectar se unha noticia é falsa?



<https://vectorportal.com/es/vector/silueta-de-un-detective.ai/11075>

Comprobar a veracidade dun texto que che enviaron, pode ser complicado pero vale a pena seguir algúns pasos no teu día a día para non converterte nun propagador de noticias falsas.

Uns consellos...

Antes de compartir o texto faite as seguintes preguntas:

-Causóuche unha reacción emocional moi grande? Se é así desconfía. As noticias inventadas a cotío téntan provocar as túas emocións.

-Confirma o que xa pensabas? Iso tamén é unha técnica habitual das noticias inventadas.

Afaite a investigar Convértete en detective de bulos e segue as pistas:

Cando unha noticia é certa, é máis probable que nomee fontes, que inclúa ligazóns e que cite documentos oficiais (é dicir,

que sexa transparente).

Facer unha reportaxe leva o seu tempo por iso desconfía das noticias "bomba" na calor do debate.

As pistas a seguir

Pero se queres que non se che escape unha, o mellor é que sigas certos pasos.

1) Non te quedes co titular, le a noticia enteira.

2) Pescuda a fonte. O máis importante é saber de onde vén a información, non te fíes nunca dunha noticia que non está asinada así que faite as seguintes cuestións:

a. É unha cadea de WhatsApp sen autoría ou sen ligazón? Desconfía e non o compartas.

b. Ten autoría? Iso é un bo indicador, pero aínda así deberíamos de estar vixiantes e seguir investigando. É unha fonte lexítima que xa conoces? Investiga o nome do medio ou do autor en Google para ver que máis fixo esa persoa e para que medios traballa.

Presta atención a se o sitio que reproduciu a noticia publica cousas só dun lado político con algún rumbo ideolóxico.

c. Fai referencia a un medio de comunicación? Entra á páxina web dese medio para comprobar se a noticia está aí.

3) Busca o titular en Google. Se é verdadeira, outros medios confiáveis reproduciríana e se é falsa, algúns sitios de verificación de datos poida que adesenmascaran.

4)) busca o contexto e a data de publicación. Ás veces sacar unha noticia de contexto e divulgala nunha data diferente é unha forma de desinformación. Por exemplo, na Guerra do Golfo sacouse de contexto a imaxe dun pato cuberto de petróleo dunha vertedura que tivera lugar anos atrás, para xustificar os ataques. Tamén é habitual que se utilicen imaxes de arquivo para ilustrar acontecementos que non están relacionada con eles. Iso é unha práctica común de desinformación.

5) Busca os datos que se citan. Son veraces e están publicados noutros medios?



CC0 PxHere

6) Pregúntalle a quen che mandou a noticia de quen a recibiu, se confía nesa persoa e se logrou verificar algunha información.

7) Recibiches unha imaxe que conta unha historia? Podes facer unha procura "inversa" de imaxes e comprobar se outros sitios a reproduciron.

8) Se o que recibiches é un audio ou un vídeo con informacións? Trata de resumilas e búscas na internet introducindo as palabras chave e "WhatsApp". Investiga quen escribiu a

historia e se está en sitios de noticias fiables. Por exemplo, se descubres unha noticia que di que unha celebridade mudouse á túa cidade, pero non a ves en ningunha fonte de noticias fiable, podería ser unha pista de que é falsa. Tamén, se a historia parece demasiado exaxerada ou difícil de crer, é bo ser cauteloso.

As web anti bulos.

Existen páxinas especializadas en combatir o efecto das fake news hEstes son algúns exemplos en española:

- [Maldito Bulo.](#)
- [Google Fact Check Tools.](#)
- [Fake News Detector](#)
- [Snopes.](#)
- [Newtral.](#)

Como funcionan as webs anti bulos?

A páxina maldito bulo explica que para comprobar se unha noticia e falsa, seguen os seguintes pasos

1. Un membro do equipo ponse a investigar e para iso, contactará coas fontes, verificará a orixe das informacións, contrastará con bases de datos e buscará identificación de imaxes, vídeos ou audios se fose necesario.

Todas estas probas as subirán logo á súa web.

2. A través dun grupo de Telegram o resto do equipo expon dúbidas sobre a verificación se as houbera despois, o desmentido sométese a votación. Se non existe ningún voto en contra, o desmentido será publicado.

Tipoloxías de Maldito Bulo

En maldito bulo teñen dúas categorías para sinalar as desinformacións:

BULO: desinformacións que se puideron contrastar de forma independente que son falsas e que se viralizan como reais. Nesta categoría atópanse:

-Os datos, feitos, imaxes, vídeos ou audios que que son falsos ou non ocorreron.

-As imaxes, vídeos e audios manipulados.

-As imaxes, vídeos ou audios que son reais pero que están descontextualizados.

-Aqueles contidos satíricos que se viralizan coma se fosen reais e que a xente está a crer.

NON HAI PROBAS: cualifican así aqueles contidos para os que non exista ningunha proba da súa veracidade pero dos que non teñen suficientes fontes independentes como para dicir que son bulo.

QUE SABEMOS.

Aplican este formato cando non teñen suficiente información independente para cualificar un contido ou feito como bulo u non hai probas, pero recompilan información sobre diferentes actores implicados e expóñena para achegar contexto.

Por todo iso, se queres ser detective de bulos, está moi ben que empregues a páxina maldito bulo como referencia para investigar a veracidade dunha nova.